

Lei 7/1989, do 12 de xuño, sobre concesión de suplementos de crédito, por importe de 1.506.171.846 pesetas, ó vixente presuposto de gastos da Comunidade Autónoma do ano 1989, para adecuación das retribucións complementarias de funcionarios docentes

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 361, do 10.4.1989.

Emendas, BOPG núm. 376, do 12.5.1989.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 378, do 19.5.1989.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 127, do 24.5.1989.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 384, do 2.6.1989.

Diario Oficial de Galicia núm. 127, do 4.7.1989.

Boletín Oficial del Estado núm. 257, do 26.10.1989.

Lei 7/1989, do 12 de xuño, sobre concesión de suplementos de crédito, por importe de 1.506.171.846 pesetas, ó vixente presuposto de gastos da Comunidade Autónoma do ano 1989, para adecuación das retribucións complementarias de funcionarios docentes

Por acordo da Xunta de Galicia do 14 de abril de 1987, foille aplicado ó persoal docente non universitario dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o réxime retributivo previsto na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, ó amparo do artigo 10.5 da Lei 1/1987, do 30 de abril, de Presupostos Xerais desta Comunidade Autónoma.

Así mesmo, seguindo os criterios mantidos ata a data de equivalencia retributiva para estes colectivos cos do resto do territorio nacional, a Xunta de Galicia adoptou acordo, con data 8 de setembro de 1988, modificando os niveis de complemento de destino e os complementos específicos nos termos que recolle a Resolución do 12 de setembro de 1988, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 178, do 15 de setembro, para o que se tiveron en conta as ditas previsións crediticias á hora de elaboralo Proxecto de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1989.

Posteriormente, ultimadas as negociacións coas centrais sindicais, modificouse a temporalidade na execución do anterior acordo, anticipando a efectividade retributiva correspondente ó 1.º de setembro de 1989 ó 1.º de xaneiro de igual ano, e xeneralizouse un complemento específico para todo o persoal docente afectado.

Por outra parte, o artigo 39.7 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado, clasifica no grupo retributivo A o corpo de profesores de entrada das Escolas de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos, que ata a publicación da dita Lei se enmarcaba no grupo B, o que ocasionou un desfase nas consignacións presupostarias previstas para o pagamento das remuneracións deste persoal.

Por último, o Real Decreto 1468/1988, do 2 de decembro, establece a integración no corpo de profesores especiais de Institutos Técnicos de Ensinanzas Medias «a extinguir», grupo B, do persoal asumido pola Lei 19/1979 e o profesorado de Educación Física e

Ensinanzas do Fogar, rexido pola Lei 3/1971, todo isto con efectos económicos do 1.º de xaneiro de 1988.

O financiamento necesario para facer fronte a estes incrementos retributivos virá dado, no seu día, polo aumento que experimentará a cantidade que se vai percibir por porcentaxe de participación nos ingresos do Estado, en 1989, como consecuencia da repercusión que estas melloras producirán no gasto equivalente a nivel de Administración do Estado.

Resultando insuficiente o crédito existente nas aplicacións presupostarias correspondentes para atende-lo maior gasto mencionado a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria promoveu un expediente para a concesión dos necesarios suplementos de crédito.

De acordo co previsto no artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e 24 da Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, sanciono e promulgo, no nome de El-Rei, a Lei sobre concesión de suplementos de crédito, por importe de 1.506.171.846 pesetas, ó vixente presuposto de gastos da Comunidade Autónoma do ano 1989, para adecuación das retribucións complementarias de funcionarios docentes.

Artigo 1

Concédense os seguintes suplementos de crédito á sección 07,

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do vixente Presuposto de Gastos da Comunidade Autónoma:

a) Ó programa 322A, «Educación Preescolar e Ensinanza Xeral Básica», servizo 02, «Dirección Xeral de Educación Xeral Básica», por importe de 618.655.856 pesetas, e aplicación 120.01.

b) Ó programa 322B, «Ensinanza Media», servizo 03, «Dirección Xeral de Ensinanzas Medias», segundo se detalla:

Importe, 230.490.952 pesetas, e aplicación 120.00.

Importe, 485.938.630 pesetas, e aplicación 120.01.

Importe, 10.757.328 pesetas, e aplicación 140.00.

Importe, 107.403.695 pesetas, e aplicación 160.00.

c) Ó programa 322E, «Ensinanzas Artísticas», servizo 03, «Dirección Xeral de Ensinanzas Medias», segundo se detalla:

Importe, 9.195.368 pesetas, e aplicación 120.00.

Importe, 3.478.664 pesetas, e aplicación 120.01.

d) Ó programa 322F, «Ensinanzas Integradas», servizo 03, «Dirección Xeral de Ensinanzas Medias», segundo se detalla:

Importe, 5.252.326 pesetas, e aplicación 120.00.

Importe, 16.781.304 pesetas, e aplicación 120.01.

Importe, 256.368 pesetas, e aplicación 140.00.

Importe, 15.379.555 pesetas, e aplicación 160.00.

e) Ó programa 322G, «Ensinanzas Especiais», servizo 03, «Dirección Xeral de Ensinanzas Medias», por importe de 2.581.800 pesetas, e aplicación 120.01.

Artigo 2

Os citados suplementos de crédito financiaranse con anticipo da Tesourería concedido polo Ministerio de Economía e Facenda en aplicación do establecido no artigo

154 do Real Decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral Presupostaria.

Disposición derradeira

A presente Lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 1989

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente